

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia desta entidade.

A actividade administrativa da axencia Instituto Enerxético de Galicia comporta unha concentración de funcións arredor do titular da Presidencia que aconsella, dado o seu volume, recorrer á delegación de competencias noutros órganos, sen esquecer o debido respecto aos principios que informan a actividade administrativa e que a nosa Constitución recolle no seu artigo 103.1.

A delegación de competencias permite a axilización administrativa necesaria e unha maior fluidez na tramitación dos diferentes procedementos administrativos co obxecto de lograr unha maior axilidade, dentro do máis rigoroso respecto ás garantías xurídicas que a tutela dos intereses públicos exige.

Unha vez vistas as competencias, funcións e facultades atribuídas ao titular da Presidencia no Decreto 142/2016, do 22 de setembro, polo que se modifican as normas reguladoras do Instituto Enerxético de Galicia e se aproban os estatutos da axencia Instituto Enerxético de Galicia, e considerando o disposto no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como o establecido no artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e demais disposicións de xeral aplicación,

DISPOÑO:

Primeiro. Delegar na persoa titular da Dirección da axencia as seguintes competencias:

a) Subscribir contratos, convenios de colaboración, acordos e outros instrumentos xurídicos que poidan xerar compromisos ou obrigas para a axencia.

b) Calquera outra non atribuída de xeito expreso polo estatuto da axencia e demais normas que resulten de aplicación.



Segundo. *Réxime xurídico da delegación de competencias*

Os actos e resolucións administrativas ditados por delegación farán constar esta circunstancia, con referencia ao número e a data da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e consideraranse ditados polo órgano delegante.

En todo caso, quedan excluídos da delegación contida nesta resolución os supostos previstos en el artigo 6.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, e no artigo 9.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Terceiro. *Revogación*

A persoa titular da Presidencia poderá reclamar, en calquera momento, o exercicio das competencias que son delegadas por esta resolución.

Cuarto. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2017

Francisco Conde López
Presidente da axencia Instituto Enerxético de Galicia

